

# DATAÇÕES ABSOLUTAS DE XACEMENTOS GALEGOS

## SECCIÓN DE ARQUEOLOXÍA E PREHISTORIA\*

O titular desta nota pode resultar enganoso pois se non trata de facer unha revisión completa ou valorativa das datacións absolutas de que se dispón até o momento para os xacementos arqueolóxicos de Galicia, o xeito daqueles publicados hai algúns anos para España<sup>1</sup>, senón de dar coñecemento público dunha serie de datas absolutas de xacementos que foron seleccionados hai máis de dez anos, dentro dun programa elaborado pola Sección de Prehistoria e Arqueoloxía do Instituto, e das que algunhas xa resultan coñecidas<sup>2</sup>, aínda que non sempre coas precisións necesarias e que, por tanto, se usan dun xeito impreciso.

No ano 1979 as referencias cronolóxicas absolutas dos xacementos de

---

\* Por encargo da Sección (F.F.B.) Francisco Fariña Busto.

<sup>1</sup> Cfr. a serie de traballos de M. ALMABRO GORBEA, Las fechas de C-14 para la prehistoria y la arqueología peninsular, Trabajos de Prehistoria, 27, 1970, 9 ss.; IDEM, C-14, 1971. Nuevas fechas para la prehistoria y la arqueología peninsular, TP. 28, 1971, 281 ss.; C-14. 1972. TP. 29, 1972, 228 ss.; IDEM, C-14. 1973. TP. 30, 311 ss.; IDEM, C-14. 1974. Cincuenta nuevas fechas para la prehistoria y la arqueología peninsular, TP. 31, 1974, 279 ss.; IDEM, C-14, 1975. Nuevas fechas. TP. 32, 1975. 167 ss.

<sup>2</sup> Véxase máis adiante as referencias á Chan de Coiro, castro Vixil e Castromao, e as respectivas notas.

Galicia eran contadas<sup>3</sup> e, por ista razón, a Sección de Arqueoloxía e Prehistoria do Instituto promoveu a realización dunha campaña de toma de mostras -aproveitando traballos antigos dos que houbera mostras en cantidade e calidade suficiente, tomas de mostras das excavacións en curso, etc...- para a súa remisión ó Laboratorio de análise de C-14 do Instituto Rocasolano do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) despois dos contactos establecidos cos Dres. Fernán Alonso e Guillermo Del Río.

Os xacementos seleccionados eran diversos tanto no que atinxe a tipoloxía das mostras como as etapas culturais que representaban, xa que no listado inicial se incluíron os seguintes: Buríz, Oirós, Argalo e A Parxubeira, dentro do megalítico; Regueiriño e Chan da Coiro, de Edade do Bronce; A Lanzada, Cameixa, Vixil e Castromao no castrexo. Ademais prantexábase a conveñencia de aportar mostras distintas dentro dos mesmos xacementos, como así ocorreu nos de Castromao, A Lanzada e Cameixa, dos que foi posible aportar mostras que permitían establecer correlación entre os diferentes niveis documentados nos propios xacementos.

Diversas circunstancias, propias e alleas, incluídas algunhas derivadas da imposibilidade de conseguir volumen suficiente dalgunhas mostras para verificar o análise como ocorreu con algúns dos niveis de A Lanzada, foron demorando a obtención das datas, que nós foron remitidas en diversas partidas e das que, agardando o momento de dalas a coñecer conxuntamente, algunhas foron saíndo como referencias imprecisas e outras de xeito completo. Parece oportuno dalas a coñecer todas con algunhas indicacións complementarias que permitan unha valoración inicial delas, endeben podan e deban ser obxecto de estudo e valoración máis polo miúdo e mesmo contraste coas outras datas que en número crecente se van coñecendo en Galicia<sup>4</sup>.

---

<sup>3</sup> Prácticamente cinguianse a data primeira de Borneiro (J.J. EIROA, Una fecha radiocarbónica para el NW. Peninsular, *Estudios*, Zaragoza, 1973, 48 ss.) e a de Penarrubia CF. ARIAS VILAS, El castro de Penarrubia (Lugo) y la novedad de su datación por C-14, *Actas del XV C.A.N. Lugo, 1977* (Zaragoza, 1979) 613-622.

<sup>4</sup> As datas C-14 que existen hoxendía en Galicia son relativamente abundantes, aínda que estemos moi lonxe de dispoñer de secuencias completas, con coherencia interna dentro dun mesmo xacemento e con valoración das correlacións que poden existir entre todas elas. A bibliografía de detalle e ampla e en constante aumento, polo que dúas referencias xerais poden permitir o acceso a información puntual e concreta. Para o mundo megalítico pódese consultar R. FABREGAS VALCARCE, *Megalitismo en Galicia*, TAE. Coloquio de Arqueoloxía do Noroeste Peninsular. XXVIII, 1988, 57-78.

As datas que temos recibido oficialmente na Sección corresponden os xacementos da Chan de Coiro, Castro de Vixil, Castro de Cameixa e Castromao, e agardamos coñecer os resultados de Lanzada e dalgún outro conxunto megalítico.

#### **A Chan de Coiro.**

O xacemento corresponde a unha descuberta casual na que se atoparon restos de uteis diversos, interpretados inicialmente como campaniformes, asociados a unha estrutura constructiva entendida como fondo de cabana. O achado casual ó abrir unha pista forestal permitir realizar unha toma de mostras de carbón das que se remitiu unha para a súa análise que ofrece os resultados seguintes:

A Chan, Coiro, Cangas de Morrazo, Pontevedra.

Mostra O-CH, 057.

Material: carbón vexetal.

Edade C-14.  $3830 \pm 80$  anos.

Edade equivalente: 1880 anos a.C.

Referencia laboratorio: CSIC-770.

A data facilitouna de xeito público no Coloquio de Arqueoloxía do Noroeste Peninsular. Porto-Baiao, 22-24 setembro 1990, o Dr. Fernán Alonso, tal e como se recolle no volumen das Actas<sup>5</sup>. O conxunto arqueolóxico é obxecto de estudo e próxima publicación<sup>6</sup>.

#### **Castro de Vixil.**

Neste xacemento da Terra Chá lucense téñense efectuado algunhas catas e labores de prospección superficial con abundante colleita de material aproveitando labores ocasionais e os traballos dunha canteira, que permitiron apreciar a estratigrafía ocupacional, tipificando un nivel de ocupación pechado por unha capa continua de incendio, nivel do que procede a mostra. A análise polínica realizada no propio xacemento permitíu establecer unha

---

Para a cultura castrexa aínda debemos agardar o estudo que X. CARBALLO ARCEO ten no prelo, pero no entanto pode ser útil J.J. EIROA, La cultura castreña del noroeste de la Península Ibérica 15 años después. *Anales de Prehistoria y Arqueología*. Murcia. 4, 1988, 111-123, que recolle moitas das datacións existentes.

<sup>5</sup> Coloquio de Arqueoloxía do Noroeste. Porto-Baiao, 22-24 setembro 1988. TAE. XXVIII, 1988, esp. 190-191 e 82. Asemade, no mesmo volumen Monserrat García-Lastra Merino, Aportación a la cronología campaniforme del Noroeste. *ibidem*, 175-179.

<sup>6</sup> O membro colaborador da Sección, don Xosé Suárez Otero, ten preparado un estudo sobre o conxunto no marco da súa tese doctoral.

secuencia concordante coa apreciada no castro de Penarrubia, para o que tamén se conta cunha datación absoluta<sup>7</sup>.

Castro de Vixil, Boizán, Villalba, Lugo.

Carbón vexetal

Edade C-14: 2070 ± 50 anos.

Edade equivalente: 120 a.C.

Referencia laboratorio: CSIC-610.

No curso dos traballos de muestreo para a análise polínica recolléronse outras mostras, que permitiron establecer unha data moi semellante: 2060 B.P. (CSIC-633), o que parece refrendar a homoxeneidade do nivel de destrución<sup>8</sup>.

### Castro de Cameixa.

As excavacións do castro de Cameixa, realizadas en dúas campañas, 1944 e 1945, por Xaquín Lorenzo e Florentino López Cuevillas aportaron a novidade de documentar a existencia dunha serie de niveis de ocupación superpostos, circunstancia que durante moitos anos se considerou excepcional e lle confería unha indudable novidade e interese, convertíndolo ó xacemento en punto de referencia bibliográfica continua<sup>9</sup>. A colleita de materiais orgánicos carbonizados durante os traballos e a súa conservación no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense propiciaron a posibilidade de analizar e, consecuentemente datar de xeito absoluto e referenciados

<sup>7</sup> Cfr. a nota 3.

<sup>8</sup> M.J. AIRA RODRIGUEZ e F. GUITIAN OJEA, Contribución al estudio de la cultura castreña gallega: análisis palinológico de los castros de Vixil y Penarrubia (Lugo), *Pontevedra Arqueológica*, II, 1985-86, 191-200, esp. 193.

<sup>9</sup> A bibliografía sobre Cameixa escomenza coas referencias á estación nun artigo xeral de Cuevillas e Lorenzo, pero a máis detallada é: Notas arqueolóxicas sobre o castro de Cameixa, RG. LVIII, 1948. Con posterioridade publicáronse varios aspectos de detalle sobre o xacemento, até que en 1986, na ocasión do Centenario de nacemento de Cuevillas deuse a coñecer a memoria dos traballos realizados. F. LOPEZ CUEVILLAS e X. LORENZO FERNANDEZ, Castro de Cameixa. Xunta de Galicia. Informes. Santiago, 1986.

Cameixa é obxecto de referencias concretas e específicas nos traballos de síntesis de J. MALUQUER, en el vol. III de la Historia de España de Ramón Menéndez Pidal, e noutros traballos xerais como o publicado nas Actas das xornadas de metodoloxía histórica de Santiago de Compostela, 1973. Tamén A. Blanco Freijeiro, La cultura castrexa, Simposium de Prehistoria Peninsular. Pamplona, 1960. E outros con posterioridade como F. ACUÑA, Panorámica da cultura castrexa, Bracara Augusta, 1973, e F. Fariña Busto e alii. Panorama xeral da cultura castrexa, en Estudos de cultura castrexa e historia antiga de Galicia (X. Pereira, ed.) Santiago, 1983.

entre iles os diferentes niveis, aínda que o material dispoñible somentes permitiu a datación efectiva de dous dos niveis dos catro potenciais. A publicación posterior do relatorio de excavación permitirá, sen dúbida, unha meirante contribución o coñecemento e valoración dos materiais deste xacemento no que se abren interesantes perspectivas namentras que outras poden ser pechadas.

Castro de Cameixa. Cameixa, Boborás, Ourense.

Mostra CA-4, nivel IV.

Material: Belotas carbonizadas.

Edade C-14:  $1970 \pm 50$  anos.

Edade equivalente: 20 anos a.C.

Referencia laboratorio: CSIC-742.

Castro de Cameixa. Cameixa, Boborás, Ourense.

Mostra CA.3, nivel III.

Carbón vexetal.

Edade C-14:  $2030 \pm 40$  anos.

Edade equivalente: 80 anos a.C.

Referencia laboratorio: CSIC-743.

Aínda a reserva dunha máis detallada análise debemos chamar a atención verbo da corrección cronolóxica que ofrecen internamente as datas absolutas, xa que responden a momentos sucesivos da ocupación, sen marcadas discontinuidades entre os materiais. Magoa é que se non poidesen completar as análises dos niveis inferiores, tanto por ver se se mantiña a coherencia interna como pola datación absoluta propiamente dita.

### **Castromao.**

O conxunto arqueolóxico de Castromao engloba unha dualidade evidente xa que a continua observación desta estación e as sucesivas etapas da súa excavación permítennos apreciar hoxendía as diferencias entre o castro e os seus niveis de ocupación e o asentamento da cidade romana, aínda por excavar. As mostras ás que se refiren as análises corresponden todas a etapa cultural castrexa (cando menos así as temos considerado sempre e as datacións confirman a nosa sospeita, dito sexa coas reservas coas que sempre compre valorar o feito), e tomáronse no curso dos traballos de campaña de 1981 en diversos puntos do xacemento que mantiñan relación entre eles<sup>10</sup>.

<sup>10</sup> Unha revisión da problemática xeral do xacemento coas referencias da bibliografía anterior en F. FARIÑA BUSTO, Dos notas a propósito de Castromao. CEGal, no prelo.

Castromao. Castromao, Celanova, Ourense.  
Mostra OR-01. C-81, cadro A-2, nivel 5.  
Carbón vexetal.  
Edade C-14.  $7180 \pm 60$  anos.  
Edade equivalente: 5230 anos.  
Referencia laboratorio: CSIC-637.

Castromao. Castromao, Celanova, Ourense.  
Mostra OR-01, rep.  
Carbón vexetal.  
Edade C-14.  $7200 \pm 60$  anos.  
Edade equivalente: 5250 anos.  
Referencia laboratorio: CSIC-637-R.

Esta mostra foi contraste da anterior, por mor da disparidade que presentaba coa data que se supón arqueolóxicamente para o nivel correspondente. Agora ben, como noutros casos estas distorsiones non deben ser obxecto de xuício crítico indiscriminado, senón de reflexión sobre o método e mesmo sobre as posibles causas da distorsión<sup>11</sup>.

Castromao. Castromao, Celanova, Ourense.  
Mostra OR-02. C-81. Corte A, nivel 8.  
Carbón vexetal.  
Edade C-14.  $2370 \pm 50$  anos.  
Edade equivalente: 420 anos.  
Referencia laboratorio: CSIC-638.

Castromao. Castromao, Celanova, Ourense.  
Mostra OR-03. C-81. Sector B, nivel 10.  
Carbón vexetal.  
Edade C-14.  $2330 \pm 50$  anos.  
Edade equivalente: 380 anos.  
Referencia laboratorio: CSIC-639

Castromao. Castromao, Celanova, Ourense.  
Mostra OR-04. C-81. Corte E, nivel 7.  
Carbón vexetal.  
Edade C-14.  $2250 \pm 50$  anos.

---

<sup>11</sup> Vide a este propósito as reflexións de Fernán Alonso cit. na nota 5. A propósito de datas con problemas semellantes A. ESPARZA ARROYO, Los castros de la Edad del hierro del Noroeste de Zamora. Zamora, 1986, esp. 400 ss.

Edade Equivalente: 300 anos.

Referencia laboratorio: CSIC-640.

Unha valoración máis polo miúdo destas datas, a que se poidera deducir delas en comparanza con outras e mesmo as reflexións que se poderían derivar da súa presentación calibrada, require outros prantexamentos que non caben agora eiquí, polo que comprirá, como nos restantes casos, agardar a novas contribucións que permitan integrar istes datos no contexto xeral das datacións carbono 14 de Galicia.

Finalmente, como colofón a esta breve nota, desexar a utilidade dos datos que se aportan e lamentar que non todas as datacións daquela propostas chegaran a concretarse, endeben estamos seguros que moitas das que son hoxe coñecidas tiveron algo en común cos prantexamentos que hai unha ducia de anos motivaron a colleita destas que agora ofrecemos.